

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS

Obxecto

Fomentar a consolidación do emprendemento subvencionando a realización dos servizos de mellora competitiva.

Destinatarias

1. As persoas traballadoras autónomas que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade de colexio profesional, que teñan domicilio fiscal en Galicia, que teñan unha antigüidade na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional de maneira ininterrompida na data da solicitude da axuda por un prazo superior a 42 meses e que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declarados na declaración do IRPF anual inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, na declaración referida ao ano 2020.
2. As sociedades de calquera clase e comunidades de bens con domicilio fiscal en Galicia e que cumpran os seguintes requisitos:
 - a. Ter unha persoa autónoma societaria cunha antigüidade na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional de maneira ininterrompida na data da solicitude da axuda por un prazo superior a 42 meses.
 - b. Ter a empresa unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, na última declaración realizada.
 - c. Ter a empresa unha base imponible no imposto de sociedades da declaración referida ao ano 2019 realizada inferior a 30.000 euros (segundo o recadro 552 do imposto do sociedades). No caso de entidades que tributen en réxime de atribución de rendas, este importe de 30.000 euros referirase ao rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declaradas no IRPF da suma de todos os membros da sociedade ou comunidade de bens.

Quedan excluídos desta orde:

- a. Os familiares que, de maneira habitual, realizan traballos para persoas traballadoras autónomas ou mutualistas de colexio profesional e que non teñan a condición de persoas traballadoras por conta allea, conforme o establecido no artigo 1.3.e) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
- b. As persoas que cobrasen a axuda do bono das persoas autónomas (TR341Q) nalguna das dúas anteriores convocatorias.

Liñas de actuación

Liña 1. Mellora da competitividade a través dos seguintes servizos:

Investigación de mercado, Plan de márketing, Plan de comunicación do negocio, Plan estratéxico do negocio, Plan crecemento: constitución sociedade, Plan de reorientación do negocio, Plan de uso das novas tecnoloxías no negocio, Plan de uso das novas tecnoloxías no negocio, Plan de refinanciamento, outros estudos e planes que teñan como fin aumentar a competitividade da empresa.

Así mesmo, poderá ser computable como gasto subvencionable o pagamento do importe do cofinanciamento privado dos servizos contratados co Igape a través do

programa Re-Acciona na súa convocatoria para o exercicio de 2021 e sucesivas por parte das persoas traballadoras autónomas.

Liña 2. Mellora da competitividade a través dos seguintes investimentos:

Compra de maquinaria, Compra de útiles e ferramentas, Reforma do local do negocio, Equipos informáticos, Rótulos, Aplicacións informáticas e páxinas web, Creación logotipo do negocio.

Na solicitude de axudas, as liñas 1 e 2 non son excluíntes nin entre elas nin entre os distintos servizos e investimentos que as configuran. No caso de solicitar axudas da liña 1 e da liña 2, atenderase en primeiro lugar a liña 1 e despois a liña 2 co límite máximo de 3.000 € de axuda polo conxunto de actividades subvencionables.

Subvención

Poderase conceder o bono para a mellora da competitividade da actividade empresarial ou profesional das persoas beneficiarias desta orde, mediante pagamento anticipado, unha subvención dun 80 % da actividade que se subvencione cun límite máximo de 3.000 euros de axuda polo conxunto de actividades subvencionables, sendo o resto do gasto por conta do beneficiario.

Lugar de presentación

Obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Prazo

Ata o 12 de agosto de 2021

[Imprimir](#)

Normativa

Orde do 28 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa do bono das persoas autónomas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.
(DOG nº 131 do 12/7/2021)